

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE "GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS S.A." E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN INDUSTRIAL NO MARCO DUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS S.A. (adscrita á consellería de Sanidade, a través da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, de conformidade co artigo 5.8 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde) formalizou o día 16.06.2023 coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer os termos polos que se rexerá a colaboración efectiva entre as partes para que a persoa doutoranda, designada por Resolución do 29 de decembro de 2022, conxunta da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pertencente a un Programa de doutoramento da Universidade de Vigo, poida realizar a tese doutoral no marco dun proxecto de investigación industrial, aos efectos de optar á Mención de "Doutoramento Industrial".
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional asinado se fundamenta na Resolución do 29 de decembro de 2022, conxunta da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, procedeuse á adxudicación das axudas convocadas por Orde do 12 de setembro de 2022, na que Galaria aparece como beneficiaria, e a persoa que realiza a tese doutoral no marco do

proxecto de investigación.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se trasponse al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

